

04 DECEMBRO DO 2008 - NÚMERO 748

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



Foro Social Galego

Galiza incorpórase, a través da celebración do primeiro Foro Social Galego, ao proceso de loita global pola procura dun modelo económico e social alternativo inaugurado no 2001 no Foro Social Mundial de Porto Alegre, Brasil. Máis de 70 colectivos e 180 persoas formalizaron xa a súa adhesión a este encontro, que se desenvolverá esta fin de semana en Compostela. O Foro é froito dunha asemblea de movementos sociais que tivo lugar na cidade o xaneiro pasado. A mesma iniciativa de convocalo supón un síntoma de madureza por parte dos movementos sociais do país, que tentan rearmarse a través da formación de redes horizontais e da creación de espazos de debate para a posta en común de reivindicacións e do intercambio de experiencias. Pero a debilidade relativa do movemento altermundista,

Foro Social Galego

A busca de alternativas

arredor do que conflúen boa parte dos movementos sociais, segue a ser unha realidade no noso país. Malia todo, nos últimos anos, a sociedade civil galega amosou un considerable dinamismo, co agromar de novas experiencias como a dos centros sociais autoxestionados ou a integración en plataformas e redes pola protección do medio natural, contra os transxénicos, de consumo consciente e economía solidaria... Co Goberno bipartito como marco político de fondo, e coas novas tecnoloxías como oportunidade para unha comunicación libre dos negos dos medios tradicionais, os movementos sociais galegos introdúcense por novos vieiros. Revista das Letras tenta desentrañar as claves desta revitalización dos movementos sociais, co gallo da celebración do Foro Social Galego.

A procura dun modelo económico alternativo ao imposto pola globalización neoliberal. A soberanía e diversidade fronte á uniformización e ó imperialismo. A defensa da liberdade e dos dereitos sociais. Do traballo e a vida. Son os catro eixes temáticos que alicerzarán as actividades do Foro Social Galego (FSGal) que, baixo o lema *Pensar e construír alternativas desde Galiza*, reunirá entre mañá e o domingo no Auditorio de Galicia, en Compostela, a representantes de máis de 70 colectivos e 180 persoas que formalizaron a súa adhesión.

A celebración do Foro Social Galego responde ao obxectivo de acadar a confluencia e a visualización das propostas que un amplo abano de movementos sociais do país están a artellar na súa loita por un mundo máis xusto, máis solidario e máis respectuoso coa diversidade. Deste xeito, o encontro contará cun total de 14 actividades autoorganizadas polos movementos sociais, así como con 14 horas de proxección de audiovisuais de índole social, a presentación de 15 iniciativas, libros, manifestos e propostas de formación de redes e unha completa programación cultural con actuacións de teatro, circo e música.

O xermolo do FSGal sitúase nunha Asemblea de Movementos Sociais que tivo lugar en Santiago o 26 de xaneiro pasado, en resposta á convocatoria lanzada polo Consello Internacional do Foro Social Mundial –FSM–. Máis de 80 organizacións galegas e case 200 persoas a título individual decidiron daquela a recreación do proceso do FSM en Galiza, a través da posta en marcha dun Foro Social Galego. Nesta asemblea acordouse constituír un Consello do FSGal para acadar a celebración do mesmo antes do FSM 2009, que se desenvolverá en xaneiro en Belém do Pará (Brasil).

Así, o Foro Social Galego, igual có Foro Social Mundial, é un espazo de debate de ideas, formulación de propostas, intercambio de experiencias e artellamento de movementos sociais, redes, ongs e outras organizacións da sociedade civil que se opoñen ao neoliberalismo e ao dominio do mundo polo capital e o imperialismo.

Despois do primeiro encontro do FSM, realizado en Porto Alegre, Brasil, no ano 2001, configurouse un proceso mundial de busca de alternativas fronte ás políticas neoliberais e animouse á constitución doutros foros sociais, como o galego. O FSGal é, como o FSM, un espazo de encontro para a pluralidade e a diversidade, de carácter non confesional, non gubernamental e non partidario que se propón facilitar o artellamento, de xeito descentralizado e en rede, a través dos movementos sociais, de accións concretas pola construción doutro mundo. O Foro Social Galego non é unha entidade nin unha organización, e non pretende representar a sociedade civil. Todos os seus espazos e actividades son abertos ao público. Aínda que existe a posibilidade de comprometerse dun xeito máis fondo a través da figura da adhesión, a través da que o foro se autofinancia.

Máis de 70 colectivos e 180 persoas formalizaron a súa adhesión previa, pero o proceso de inscricións continuará aberto durante a celebración do foro. Os colectivos e persoas adheridas recibirán as súas acreditacións e diversos materiais do FSGal. No caso dos colectivos, a adhesión, que custa 100 euros, dá dereito a ter un espazo na carpa de movementos sociais do Foro –e máis de 30 colectivos manifestaron xa o seu desexo de contar co seu oco nesta carpa–. As persoas que queiran adherirse deberán achegar 10 euros. O programa completo deste encontro pódese consultar no web <http://forosocialgalego.org>.



A celebración do Foro Social Galego podería supor un importante avance no proceso de integración e posta en común das propostas dos movementos sociais do país que, pese ao rebulir que acadaron nos últimos anos, aínda amosan síntomas de febleza. “Do que se trata, a través do foro e da formación de redes, é de sumar forzas. Hai moitos movementos sociais en Galiza, e moi diversos: desde os antifascistas, ata os independentistas, os centros sociais, redes cristiás de base, movemento ecoloxista, de mulleres, de labregos... A diversidade é boa por unha banda, pero a atomización non é positiva. Por iso ten que haber mecanismos de confluencia, como o foro, que trata de visibilizar os movementos sociais, artellar loitas comúns, lograr unha maior influencia na política e rearmar o propio activismo”, explica Manoel Santos, responsable do portal Altermundo e un dos promotores do Foro Social de Galiza.

En termos semellantes exprésase Xabier Macías, da Fundación Galiza Sempre, unha das organizacións que integran o Consello do FSGal. Ao seu ver, “a propia celebración do foro é xa un éxito, pois supón incorporar a Galiza como nación ao proceso do Foro Social Mundial. Unha das virtudes dos foros sociais é que consiguen poñer de acordo a movementos sociais moi diversos. O mesmo feito de compartir un espazo de debate, de intercambio de experiencias, permite que os distintos colectivos se coñezan e poidan concertar libremente propostas de acción social: campañas, manifestacións, actividades varias... Non sabemos cales van ser os resultados deste foro, pero o importante é que, despois, os movementos sociais que o integran seguirán traballando...”.

O profesor de Ciencia Política na Universidade Autónoma de Madrid Carlos Taibo é unha das persoas que participarán máis activamente nas actividades do foro, xa que analizará, xunto con Xosé Manuel Beiras,

da Fundación Galiza Sempre, Lidia Senra, do Sindicato Labrego Galego, e Lupe Ces, da Marcha Mundial das Mulleres, as perspectivas do altermundismo nunha sesión plenaria no Auditorio de Galicia o sábado día 6 ás 19:30 horas.

“En xeral”, cre Taibo, “as redes antiglobalización en Galiza son máis ben débiles. Está ben que se organice o foro para afortalar a rede pero, como en todos os foros, sempre se corre o risco de que o foro substitúa os movementos sociais. Cando falamos de movementos sociais en Galiza, hai que distinguir aqueles máis tradicionais, que non son tan febles, como poderían ser as organizacións non gobernamentais ou os sindicatos, e que sen ser nun sentido estrito colectivos antiglobalización, si participan do movemento antiglobalización. Eu son, de todos os xeitos, optimista. Penso que a crise múltiple actual pode servir de caldo de cultivo para facer máis fortes os movementos antiglobalización”.

Respecto do movemento altermundista doutras comunidades, Carlos Taibo aprecia a singularidade do galego na “cuestión nacional, que é impulso de moitas iniciativas. E non creo que o peso da cuestión nacional vaia en detrimento doutras propostas. Nos movementos antiglobalización galegos hai tamén redes de ocupas, solidariedade co Terceiro Mundo... E as redes de base van ter a súa canle de manifestación no Foro Social Mundial...”.

O político e economista Camilo Nogueira participará nun dos debates simultáneos que o sábado 6 se desenvolverán a partir das 12:00 horas na Facultade de Filoloxía. Xunto coa cantante Uxía Senlle e o profesor Elías Torres, falará sobre Galiza e os países de lingua portuguesa no Foro Social Mundial. Nogueira considera que “os partidos políticos están relativamente afastados do dinamismo social e cultural que amosa a sociedade civil. Falta que as institucións respondan a ese carácter aberto co mundo que sempre tivo Galiza. O Foro Social Galego é unha oportunidade para situar a Galiza no mundo enteiro, incorporala ao proceso inaugurado no 2001 en Porto Alegre”.



As raíces na historia

Camilo Nogueira advirte contra os estereotipos sobre o suposta desmobilización histórica dunha sociedade galega ancorada no conformismo e no minifundismo. “O Estado español proxectou sobre Galiza unha imaxe negativa, que os galegos acabaron asumindo, En Galiza houbo, por exemplo, movementos sociais moi fortes que foron importantes na loita antifranquista: o movemento obreiro de Ferrol, Vigo... A imaxe que se proxectaba é que de Madrid viña todo, e iso é falso”. Macías conflúe con Nogueira ao apuntar que “a vitalidade dos movementos sociais se amosa en Galiza desde hai décadas: desde os primeiros movementos agrariastas, ata o dos traballadores, o tecido arredor da lingua, o ecoloxista, o asociacionismo cultural...”.



A pegada de Nunca Máis

“Todos os movementos sociais, non só os galegos, teñen períodos de maior e menor intensidade na súa presenza e visibilidade social”, engadiu Macías. “Nunca Máis supuxo unha ocasión para facer visible unha tradición de movementos sociais que xa existía de antes”, pensa. Pola súa banda, Carlos Taibo sinalou o movemento Nunca Máis como “un experimento moi interesante que deixou claro que a sociedade galega si se mobiliza cando os problemas lle tocan de forma directa. Como práctica colectiva, foi alicerce de propostas posteriores. Estaba claro que ía perder forza cando a presenza do problema ao que se enfrontaba se esmorece na axenda dos medios”.

Durante os quince anos de goberno do PPdeG, a visibilidade dos movementos sociais do país mesmo chegou a reducirse con respecto a décadas anteriores. Os dous últimos anos marcaron o rexurdir das voces altermundistas, con iniciativas como a Plataforma Compostelá anti G-8. No 2008 consolidáronse redes horizontais de movementos sociais como a Galiza non se Vende, e xurdiron outras novas, no ámbito da soberanía alimentaria, a loita contra os transxénicos, a economía solidaria, o comercio xusto, o consumo responsable... Este rebulir dos movementos sociais supón, na opinión de Manoel Santos, un alicerce para o seu rearmamento. Os protagonistas deste fenómeno interprétano de diversas maneiras. Na estrutura de oportunidades artellada desde o ámbito político reside, sen dúbida, unha das claves.

“En Galiza gobernou a dereita durante moito tempo, xa antes do PP. O cambio de goberno, coa chegada do bipartito, puido nun primeiro momento facer que os movementos sociais delegasen nas institucións. Agora dáse un movemento na dirección contraria: a partir da reflexión de que a transformación non virá desde as institucións. Os movementos sociais poden elaborar propostas alternativas sen a atadura dos orzamentos, nin dos protocolos de funcionamento das institucións, pendentes das eleccións cada catro anos”, salienta Lupe Ces, da Marcha Mundial das Mulleres, unha das redes de colectivos que se adheriron ao FSGal.

“Os movementos sociais nacían antes ao abeiro dos partidos políticos. Agora xa non é así: hai militantes de partidos que participan nos movementos sociais a título individual, pero xa nin está ben vista a dependencia respecto dunha organización política. Valórase a independencia, que supón capacidade para a crítica. Tamén pode haber persoas nos partidos que participan nos movementos sociais, e iso favorece que se escoiten as súas demandas”, engadiu. Así, os partidos asumen como propias parte das reivindicacións dos movementos sociais.

“A crecente distancia crítica entre moitas redes e o bipartito”, apunta Carlos Taibo, “é un problema especialmente severo no caso do BNG, que ve como mesmo unha parte da súa base social procura outros escenarios de acción. É menos intensa no

caso do PSdeG, cuxa dimensión de movementos de base era máis feble. Hai que ter en conta, tamén, que hai movementos sociais que foron sempre críticos co BNG: independentistas, libertarios...”.

A decepción coas políticas do goberno bipartito atópase, así, detrás da formación de colectivos como o Comité de Emerxencia da Ría de Ferrol, que se adheriu ao FSGal, e que está integrado na rede Galiza non se vende. “Se o BNG e o PSdeG fosen máis coherentes co que dicían antes de chegar ao goberno, non habería tanta contestación social. Os que antes estaban na oposición puxeron en marcha políticas continuístas co PP en canto á visión económica que leva á destrución do noso medio”, subliña Xosé Reigosa, de Galiza non se vende.

Outros colectivos ven en certas actitudes dos membros do bipartito un incentivo para os movementos sociais, un factor que favorece o seu desenvolvemento, nun sentido positivo e non de reacción de protesta ante as súas políticas. “Nós xa non agardabamos moito do cambio de goberno. Mellor ter un goberno progresista que un de dereita, pero desde logo as reivindicacións dos movementos sociais non van ser prioritarias para os partidos, sexan cales sexan: os movementos sociais son críticos, non son gobernables... Eu creo que algo ten que ver que o bipartito dea certo osíxeno aos movementos sociais: agora polo menos hai un diálogo que antes non había...”, comenta Nanda Couñago, de Amarante, outra das organizacións que se adheriron ao FSGal. “As institucións non poden absorber toda a vitalidade da sociedade”, puntualiza Camilo Nogueira.

Nanda salienta a formación nos últimos anos en Galiza de “proxectos viables como a Rede Galega de Consumo Responsable, que agrupa tendas e organizacións de comercio xusto, cooperativas de consumo responsable e grupos de consumo responsable; ou as cooperativas de vivenda...”. A formación destas redes pode deberse, tamén, non tanto ás oportunidades que poidan xurdir desde o eido político, senón simplemente á adaptación ás circunstancias derivada da constatación de que a forza dos movementos sociais se potencia deste xeito, coa unión. Tamén é salientable a este respecto o discurso dos “intelectuais” comprometidos co movemento.



O uso das novas tecnoloxías

A utilización das novas tecnoloxías e o xurdimento de medios de comunicación alternativos axudan tamén a explicar a relativo “rearmamento” que amosan os movementos sociais galegos nos últimos anos. “Non hai unha relación real entre os movementos antihexemónicos e antisistema e os medios de comunicación tradicionais, que non cobren o que fan os movementos sociais. Por iso é tan importante internet, e a creación de medios alternativos, feitos desde a cidadanía, que como proxectos sostidos pola cidadanía deberían recibir subvencións por parte do Estado”, opina Manoel Santos. A Ciberirmandade da Fala, que estará tamén no FSGal, é un bo exemplo disto.



Cambio cultural ou base material

Os estudos sobre os novos movementos sociais salientan o cambio de valores cara a, por exemplo, o ecoloxismo, que agroma nunha mocidade cun nivel educativo elevado que ten cubertas as súas necesidades básicas. Nanda matiza que “a maioría dos nosos socios son da clase traballadora, pero hai de todas as procedencias sociais. E están entre os 27 e os 47 anos. Ademais, Galiza ten unha economía menos desenvolvida que a de Euskadi ou Cataluña, por exemplo”. Raúl Asegurado, da AIS O Peto, cre que a clave reside máis na toma de conciencia sobre as condicións materiais que nun cambio cultural –o 80% da poboación mundial está en situación de pobreza–, lembra.

O Foro Social Galego acollerá no seu seo unha ampla diversidade de movementos sociais, mesmo diverxentes nas súas prácticas e antagónicos na súa ideoloxía, pero unidos na fronte común da loita contra o neoliberalismo. O discurso e a praxe dos movementos altermundistas ou antiglobalización vai impregnando os movementos de maior tradición no noso país e en todo o mundo, en parte debido á confluencia das reivindicacións altermundistas con algunhas das sostidas desde sempre polos movementos sociais máis antigos. Os sindicatos de traballadores constitúen un exemplo de organizacións emerxidas dun destes movementos sociais “tradicionais”, o movemento obreiro. CC.OO, UGT, SLG, CIG e STEG formalizaron a súa adhesión ao FSGal. O SLG atópase, ademais, entre as entidades promotoras dun debate sobre soberanía alimentaria que se desenvolverá o sábado 6 ás 12:00 horas na Facultade de Filoloxía, e que contará coa participación de Paul Nicholson, de Vía Campesina; e doutro que, co título Galiza fronte ao cénit do petróleo, comezará ás 9:30 horas o mesmo día e no mesmo lugar, e no que estarán tamén Antonio Palma, de Permacultura Galiza, Martiño Fiz, de Adegas, Manolo Rei, de Unión Libertaria, e Patricia Pena, da Universidade do Eume. Pola súa banda, CIG é, xunto á asociación Véspera de Nada, unha das entidades impulsoras do debate que, tamén o sábado, ás 16:30 horas na Facultade de Filoloxía, analizará, a través das intervencións de Xabier Macías, Mari Carmen López, da executiva confederal deste sindicato, o economista Xavier Vence e o sociólogo e membro do comité de apoio de ATTAC José Vidal-Beneyto, a crise do neoliberalismo.

Xosé Ramón Cendán, do SLG, explica que a participación no FSGal, do mesmo xeito que “a implicación nos movementos antiglobalización, por exemplo co tema da OMC, ou en conceptos como o da soberanía alimentaria, a través de Vía Campesina”, responden a un modo de procurar “novas alianzas” do movemento labrego con outros colectivos, “desde a base”, para acadar “alternativas fronte ao neoliberalismo”.

Entre os anos 60 e 80 xurdiron os denominados “novos movementos sociais”: feminismo, ecoloxismo, pacifismo... tamén amplamente representados no FSGal: a través, entre outros colectivos, de Andaina e Marcha Mundial das Mulleres; Adegas, Amigos da Terra, Verdegaias, Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños e Seminario Galego de Educación Ambiental; Asemblea de Cooperación pola Paz, Mundo sen Guerras e sen Violencia e

Seminario Galego de Educación para a Paz e Paz con Dignidade, respectivamente. Verdegaias é unha das entidades promotoras do debate sobre consumo responsable que terá lugar o sábado ás 16:30 horas na Facultade de Filoloxía, no que participarán tamén Xosé María García Villaverde, de Veterinarios sen Fronteiras, Nanda Couñago de Amarante, un representante da Rede de Consumo Consciente e Miguel Quinteiro, do grupo promotor do proxecto de banca ética de Galiza. Pola súa banda, o Seminario Galego de Educación para a Paz é unha das entidades organizadoras do debate sobre cidadanía, dereitos humanos e gobernanza planetaria que se desenvolverá ese mesmo día a partir das 9.30 horas en Filoloxía, no que intervirán, ademais do coordinador deste colectivo, Manuel Dios, o analista do Igadi Roberto Mansilla, a profesora de filosofía Beatriz Fernández, a catedrática de Comunicación Audiovisual Margarita Ledo, Manuela Mesa de Centro de Investigación para a Paz e Luís Acebal da Asociación Pro Dereitos Humanos.

“Nós levamos 33 anos”, lembra Francisco Bañobre, de Adegas, e “quizais podemos achegar a nosa experiencia. Formamos parte, hai tempo, da Federación Ecoloxista Galega, e ademais estamos en varias redes e plataformas, como a do tema dos transxénicos. A integración en redes e plataformas é unha fórmula novidosa que dá resultados, pois permíteche exercer un maior grao de presión sobre a administración. Certo que o tema do cambio climático, por exemplo, está moi presente no discurso dos partidos políticos e dos medios, pois cada vez é máis evidente a necesidade de artellar un desenvolvemento sustentable. O perigo

é que ese discurso quede só en propaganda, e non se traduza en cambios de comportamento reais”.

En consonancia co movemento de defensa do medio sitúanse outros colectivos que manifestaron a súa adhesión ao FSGal como o Comité de Emerxencia da Ría de Ferrol, unha das entidades organizadoras do debate sobre o caso de Renagosa que se celebrará o sábado ás 12:00 horas en Filoloxía.

As asociacións culturais e as organizacións non gobernamentais (ONG) do ámbito social tamén gozan dunha tradición salientable no noso país, desenvolvida sobre todo a partir dos anos 60-70. Do eido cultural, formalizaron a súa adhesión ao FSGal a Agrupación Cultural O Facho, a Asociación Cultural Bastantes Llon e a Asociación Cultural Fuco Buxán, entre outras.



Dos colectivos que traballan no ámbito social, o FSGal conta cunha moi nutrida e variada representación. Expresaron a súa adhesión Acsur Galicia, Walale, Amarante, Asociación de Mujeres Gitanas 'Aliquerando', Axunica, Colectivo Galego do Menor, Coopera, Coordinadora Galega de ONGD, Emaús, Foro Galego de Inmigración, Implicadas no Desenvolvemento, Instituto de la Cultura Gitana, Médicos do Mundo, OSPAAAL Galicia ou Veterinarios sen Fronteiras, entre outros. O sábado terá lugar ás 9:30 horas en Filoloxía un debate sobre saúde global e obxectivos do milenio promovido por Médicos do Mundo, Axuda en Acción e a Federación estatal de planificación familiar. Pola tarde, ás 16:30 horas, o Foro Galego da Inmigración celebra un debate co título Unha Galiza intercultural e, ese mesmo día e á mesma hora, Xabier Ron de Ospaaal Galicia, Carlos Portomeñe do Foro pola Memoria e o refuxiado político colombiano Gilberto Torres falarán sobre medios de comunicación e manipulación da memoria. O domingo, os debates comezarán, tamén na facultade de Filoloxía, ás 10.00 horas. Daniel Raventós da Rede Renda Básica, Antonio Domenéch da revista 'Sen Permiso', e Xosé Manuel Beiras, disertarán sobre renda básica, sociedade civil e movementos sociais fronte ao imperialismo. A Marcha Mundial das Mulleres promove un debate sobre a situación actual do pobo cigano en Galiza, e Olalha Barro, do centro social Mádia Leva!, Santiago Quiroga, de Axunica e Sinerxia, e Carlos Dafonte, da Plataforma Alternativa de Lugo, intercambiarán as súas perspectivas sobre a resposta da cidadanía fronte á crise do modelo capitalista. Ás 12:30 horas dará comezo no Auditorio de Galiza unha asemblea de movementos sociais autoconvocada.

O presidente da Coordinadora Galega de ONGS, Xosé María Torres, comenta que "a participación no Foro Social Galego é realmente 'obrigatoria' para nós: non podíamos non estar. A coordinadora creouse hai 17 anos, e a experiencia é moi positiva, pois permitiunos lanzar iniciativas conxuntas como mobilizacións o mesmo día en distintos lugares. A creación de redes e a participación en foros serve para acadar mensaxes consensuadas, e iso é moi importante para obter influencia ante a administración e na opinión pública, pois emitir unha soa mensaxe reforza a súa autoridade moral". No eido social traballan tamén colectivos de base relixiosa que se adheriron ao FSGal

como a xesuíta Fundación de solidariedade e educación Entreculturas ou a Coordinadora de Crentes Galegos.

Alén da diversidade temática, –polo seu ámbito prioritario de actuación– e ideolóxica –que abrangue desde as posicións libertarias ata as nacionalistas, as socialistas non nacionalistas...– os movementos sociais galegos amosan unha gran variedade en canto á súa composición social –heteroxénea, pero con certa predominancia dos traballadores dos servizos sociais e culturais nalgúns casos– e xeracional, e no relativo á súa praxe. E esta pluralidade incrementouse co xurdimento nos últimos anos de novas experiencias, como a dos centros sociais autoxestionados. Olalha Barro considera que "os centros sociais son o froito doutro xeito de percibir a acción social, cultural e política, desde a horizontalidade e a converxencia de distintas organizacións nun espazo flexible, un local compartido, desde o que loitar pola cultura galega pero desde moi diversas perspectivas.

Xurdiron porque se demostrou que os sindicatos

e partidos políticos non estaban a servir de ponte entre o poder político e a cidadanía. É certo que arredor dos centros sociais se move sobre todo xente nova, que é a máis activa, pois a mocidade poder ter máis doado asumir o compromiso que require o activismo. Pero tamén é verdade que parte da xente maior ve con reticencias saír dos partidos, dos sindicatos...".

O eido do cooperativismo e a economía social está tamén dando lugar a experiencias novas: a posta en marcha de cooperativas como Árbore, ou o reforzo das de traballo e vivenda; o xurdimento de grupos como AIS O Peto ou Euroeume; a creación da Rede de Consumo Consciente... Ana Lorenzo, da federación de cooperativas Sinerxia, sinala que "nos últimos anos si se promoveu unha maior intercooperación

entre cooperativas, que ademais se abriron máis ao traballo con outros axentes: os movementos sociais, os concellos pequenos e grandes, os sindicatos...".

No ámbito socio-cultural son especialmente salientables redes como Escarlata e Arredemo. Algúns movementos sociais levaban xa anos actuando en Galiza, pero só recentemente adquiriron a visibilidade que merecían: é o caso dos colectivos de recuperación da memoria histórica, por exemplo, que tamén estarán representados no foro. Iniciativas interesantes tamén, aínda que menos visibles nos medios de comunicación, son as do movemento antirrepresivo e en prol dos dereitos civís, con plataformas como Esculca.



Coordinación: A.R. López e M. Dopico. Deseño: Signum.

ESPAZOS TRANSVERSAIS	
AUDIOVISUAIS	COMUNICACIÓN
Salón de Graos Fac. Filoloxía	Aulas 5 e 6 Fac. Filoloxía
SÁBADO 6 DESDE AS 10:00 h. VENAS DE AUGA. (20'). Arte-denuncia. X. M. Alloán. A beleza da auga contraposta coa terrible xestión deste vital recurso por parte do ser humano Curtametraxe QUIERO SER TORTILLA. VSF-Galiza. Sobre a soberanía alimentar Documental EN SON DE PAZ (25') Sobre o XX Aniversario do Seminario Galego de Educación para a Paz SGEP e os obxectivos, contidos, actividades e metodoloxías da Educación para a Paz Documental EL PROCESO DE LO POSIBLE. (63'). Quepo producciones. Gravado no Foro Social Mundial de Nairobi Documental (V.O. Subtituada) THE TAKE (A toma). (87'). Avi Lewis & Naomi Klein. Canadá, 2004 Documental (V.O. Subtituada) UNSER TÄGLICH BROT (O noso pan de cada día). (92'). Nikolaus Geyrhalter. Alemaña, Austria, 2005 DESDE AS 16:00 h. Documental CC.OO-Galicia Documental PABLO IGLESIAS. PASIÓN POR LA LIBERTAD (1850-1925). (55'). Fundación Pablo Iglesias. UGT-Galicia Documental (V.O. Subtituada) LES GLANEURS ET LA GLANEUSE (Os espigadores e a espigadora). (82'). Agnes Varda, Francia, 2000 Documental (V.O. Subtituada) MANUFACTURED LANDSCAPES (Paisaxes transformadas). (80'). Edward Burtynsky. EUA, 2006 DOMINGO 7 DESDE AS 10:00 h. Documental CULTURA DE PAZ (25'). Sobre a vixente lei de fomento da educación e a cultura da paz de 2005 e o concepto e práctica da Cultura da Paz fronte da cultura da violencia. Seminario Galego de Educación para a Paz Documental LOS SIN TIERRA. Por los caminos de América. (73'). Miguel Barros. El Deseo y Produce +. Colabora: Cameo Documental DE LA ESPAÑA QUE EMIGRA A LA ESPAÑA QUE ACOGE. (45'). Fundación Largo Caballero. UGT-Galicia Documental GOLPEADOS, PERO NO VENCIDOS. (54'). De Iker Espuñez. Sobre as maquilas do textil en Centroamérica. Amaranter Curtametraxe HASTA LAS HUEVAS. Sobre Soberanía Alimentar. VSF-Galiza Documental (V.O. Subtituada) WORKINGMAN'S DEATH (A morte do traballador). (122'). Michael Glawogger. Austria, Alemaña, 2005 Documental SAÚDE MATERNO INFANTIL EN SENEGAL Programa de Médicos do Mundo no Senegal	SÁBADO 6 10:00 h. (Aula 5) Campaña "NON COMAS O MUNDO". Presentación de libro Xosé María García Villaverde VSF-Galiza 10:30 h. (Aula 5) Revista SIN PERMISO. Antoni Domènech e Daniel Raventós, do seu Consello de Redacción AIS O Peto 10:30 h. (Aula 6) PROPOSTA PARA CREAR UNHA REDE SOBRE XENERO E DESENVOLVEMENTO Implicadas no desenvolvemento 11:00 h. (Aula 5) MANIFESTO E INICIATIVAS A PROL DA OFICIALIDADE PLENA DO GALEGO. Carlos Calón, Presidente da Mesa e Alexandre Insua (CIG) CIG e Fundación Galiza Sempre 12:00 h. (Aula 5) Apresentación do último libro de ESTALEIRO EDITORA Madia Leva! 12:30 h. (Aula 5) ALTERMUNDO e especial do suplemento horizontal Altermundo para o FSGal Manoel Santos e Imanol Dorca 13:15 h. (Aula 5) MANIFESTO POLA LAICIDADE. Coordinadora estatal de crentes de base Redes Cristianas. Recolleita de adhesións e sinaturas de apoio Somos Igrexa - Galicia 16:00 h. (Aula 5) PRESENTACIÓN DA MARCHA MUNDIAL POLA PAZ E A NON VIOLENCIA. Mundo sen Guerras e sen Violencia e Seminario Galego de educación para a Paz. 16:30 h. (Aula 5) CAMIÑANDO CARA UN FORO MUNDIAL DE EDUCACIÓN. Presentación do Foro 2010 en Santiago, co Congreso Internacional de Educación e Cultura de Paz Seminario Galego de Educación para a Paz, Fundación Galiza Sempre, Altermundo, IGADI 17:00 h. (Aula 5) Presentación do estudo: ACCESO E UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE SAÚDE POR PARTE DOS INMIGRANTES EN GALICIA Médicos do Mundo 17:30 h. (Aula 5) POR UNHA LEI INTEGRAL DO ABORTO. Campaña para conseguir unha lei integral do aborto, libre e na Sanidade Pública Marcha Mundial das Mulleres DOMINGO 7 10:00 h. (Aula 5) DECALOGO PARA O TRATAMENTO INFORMATIVO NON ESTEREOTIPADO DA INMIGRACIÓN. Para os medios de comunicación social, profesionais do xornalismo, gabinetes de prensa e, en xeral, a toda persoa divulgadora de información e de textos e literarios Foro de Inmigración 10:00 h. (Aula 6) RECUPERAR A MEMORIA HISTÓRICA. AS VÍTTIMAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA Comisión para a recuperación da Memoria Histórica 11:00 h. (Aula 5) SUSTENTABILIDADE E CRECEMENTO Comercio Xusto Adela Figueroa Panisse e Celsa Sánchez Vázquez. Obradoiro de ADEGA e A Cova da Terra 11:00 h. (Aula 6) CONTRA O TRÁFICO DE SERES HUMANOS. UN COMPROMISO NECESARIO Revista galega de pensamento feminista. Andaina

ESPAZOS DO FORO	
1 AUDITORIO DE GALIZA [Información e acreditacións · Debates plenarios] [Concertos · Restaurante]	
2 PATIO DO BURGO DAS NACIÓNS [Carpa de Movementos · Café · Espazos de xantar]	
3 FACULTADE DE FILOLOXÍA [Debates · Espazos de Audiovisuais e Comunicación]	
4 COLEXIO DE VITE [Servizo de Gardería]	
i Venres 17:00-20:00 h. e Sábado 9:30-14:00 h. INFORMACIÓNS, INSCRICIÓN E ACREDITACIÓN DE PARTICIPANTES (Auditorio de Galiza)	
Sábado e Domingo (9:30-14:00 e 16:00-19:00 h.) CARPA DOS MOVEMENTOS SOCIAIS (Burgo das Nacións)	
PROGRAMACIÓN CULTURAL VENRES 5 22:00 h. Café Teatro Garigolo (Algalia, 1) Concerto de: LEO ARREMECAGHONA + GARCÍA (DIOS KE TE CREW) SÁBADO 6 Durante a mañá e especialmente entre 14:00 h. e 16:00 h. Carpa dos Movementos Sociais - Burgo das Nacións Charanga OS JALOCOS + A COMPAÑÍA DO RUÍDO 18:30 h. a 19:30 h. Entrada da Fac. de Filoloxía CASILDA ALFARO INTERPRETA: "PUDOR". Fragmento da obra de Suso de Toro 'Tic-Tac', posta en escena por Teatro de Ningures 22:00 h. Auditorio de Galiza - Sala Mozart Despois da sesión plenaria 'Perspectivas do altermundialismo' Concerto acústico de: PEL DE NOZ 22:30 h. Gentalha do Pichel (Sta. Clara, 21) Concerto de: ATAQUE ESCAMPE + SACHA NA HORTA DOMINGO 7 16:00 h. Carpa dos Movementos Sociais - Burgo das Nacións "MANUALIDADES" DE MANU LAGO Pista catro 17:00 h. Auditorio de Galiza Concerto de: TONHITO DE POI + OS CHIQUILICUATRES + TINO VAZ, etc.	



11 DECEMBRO DO 2008 - NÚMERO 749

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



Neoliberalismo

A denuncia do neoliberalismo actúa como discurso aglutinador dos diversos movementos sociais que conforman o altermundismo. Na súa procura de alternativas ao capitalismo actual, o pensamento altermundista e, en xeral, os segmentos da esquerda que se opoñen ao sistema económico vixente, apelan á fin do neoliberalismo, escurecendo as diferenzas entre as distintas propostas dos que se autodefinen como “liberais”, e moi poucas veces como “neoliberais”. Os liberais tampouco quedan mancos nesta oposición dialéctica, e tratan de descualificar os seus críticos como os “inimigos da liberdade”, segundo un concepto particular desta que ou ben subordina o principio de igualdade ou ben o fai derivar case maxicamente da liberdade. Se cadra, coñecer mellor os presupostos do neoliberalismo, sen caer en estereotipos fáciles, pode ser

Neoliberalismo

A utopía capitalista

un dos eixes da loita contra a súa influencia no mundo actual. Quizais, ata o neoliberalismo poida entenderse non como unha sorte de conspiración consciente duns cantos privilexiados que tratan de manter o seu status quo, senón como unha ideoloxía derivada de presupostos abstractos falsos, á vez complexa, diversa e contraditoria, utópica pola imposibilidade de levala á práctica tal como defenden os seus partidarios, e perniciosa polas consecuencias reais que as políticas emprendidas no seu nome desde diversas instancias está a traer á humanidade. Políticas que ao mesmo tempo se achegan e se afastan dos presupostos do neoliberalismo, e que poden obedecer máis a intereses particulares que á pegada dunha ideoloxía á que apelan só na procura de xustificacións. Revista das Letras repasa o debate entre neoliberalis e altermundistas, co gallo da recente celebración do Foro Social Galego.

A crítica ao neoliberalismo artellou boa parte dos debates celebrados a pasada fin de semana no seo do primeiro Foro Social Galego. O catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Santiago Xavier Vence opinou que “estamos ante o fracaso do modelo neoliberal pero non ante a derrota certa dos que defenden este sistema”, e sinalou o contexto de crise económica como un bo momento para “emprender loitas ambiciosas” desde os movementos sociais. Asegurou, así mesmo, que a actual política de contención dos salarios está a minguar a capacidade adquisitiva dos cidadáns, polo que o malestar que disto se derivará é susceptible de ser aproveitado na batalla contra o sistema capitalista neoliberal.

En consonancia con Vence, o filósofo catalán Antonio Domenéch sostivo que “a ilusión da prosperidade deu base social ao neoliberalismo”, un modelo na actualidade “esgotado”. Pola súa banda, Mari Carmen López Santamarina, da CIG, salientou a necesidade de manter a loita sindical e denunciou a discriminación da muller no mercado laboral.

Outras intervencións afondaron en aspectos concretos como as consecuencias do neoliberalismo para o autogoberno. O xerente da Fundación Galiza Sempre, Xabier Macías, recalcou que “unha ollada galega permitirá confirmar como a globalización neoliberal arrasa coas potencialidades do autogoberno reducindo a capacidade de decisión e control popular sobre os propios recursos ou sobre as políticas económicas máis acaídas”. Macías concluíu aseverando que “a situación da crise mundial fai ver como outro mundo non só é factíbel senón necesario, despois de ollar como a maioría dos estados socorren a bancos e entidades financeiras cun impúdico transvasamento de cartos públicos”.

Xosé Manuel Beiras cualificou a situación actual de “fase límite da vixencia da correspondencia entre sociedade e superestruturas estatais”, e alertou de “posibles derivas totalitarias dos estados”. Ademais, animou o movemento altermundista a “reinventar a forma de facer política”.

Desde o SLG, Lidia Senra sinalou a “precariedade económica” dos labregos “por mor da baixada continuada dos prezos dos nosos produtos e pola suba dos custos de produción”; a “falta de recoñecemento social e institucional do noso papel na sociedade e da nosa achega na economía, no medio e na alimentación”; a “falta de recoñecemento institucional dos dereitos das labregas”; a “burocratización insoportábel como unha pantalla para unha seguridade alimentaria cada vez máis en dúbida porque dende os poderes públicos non se fai absolutamente nada para promover un cambio dos modos de produción non dependentes do negocio agroquímico farmacéutico e da distribución”; a “privatización dos servizos públicos de atención e asesoramento para as explotacións agrarias” e a “continua desaparición das explotacións labregas”.

Martiño Fiz, de Adega, asegurou que “é necesario decrecer, cando menos en termos de PIB. Non podemos seguir sostendo o mito das ideas económicas dominantes, que consideran o crecemento do produto interior bruto como o único baremo sobre a prosperidade dun Estado ou nación. Hai que empregar outro tipo de estatísticas, como o índice de desenvolvemento humano, que, con eivas, dá unha idea máis próxima do benestar dun país”. Así, foron moitos os colectivos que salientaron as consecuencias negativas do neoliberalismo como modelo económico, político e social, obxecto sempre de críticas por parte do movemento altermundista. Pero, ¿que é chamado neoliberalismo?



Mentres que os detractores do neoliberalismo tenden a denunciálo como o modelo ideolóxico causante de boa parte dos males que azoutan o mundo actual, os seus defensores tecen discursos sobre a presunta incompreensión dos seus postulados por parte dos que eles denominan, con frecuencia, “antiliberais” ou “inimigos da liberdade”, mentres se autodefinen como “liberais”, rexeitando, a maioría deles, o prefixo “neo”.

O neoliberalismo, explica o profesor da Universidade Autónoma de Madrid e membro do movemento altermundista Carlos Taibo no seu libro ‘Neoliberales, neoconservadores, aznarianos’, de recente publicación, “cuestiona, en primeiro lugar, os estados de benestar, cuxo desmantelamento reclama por entender que son causantes dun freo ao crecemento económico, e da repunta ao desemprego e á inflación. Reivindica, en segundo termo, unha loita cerrada por reducir a inflación, e para minorar os déficits dun gasto público sempre tildado de excesivo. Postula, nun terceiro estadio, unha xeral desaparición dos programas sociais acompañada da defensa dunha maior flexibilidade no mercado de traballo. Defende, en cuarto lugar, ambiciosas políticas de privatización, de desregulación e, en xeral, de libre circulación dos capitais (...). Rexeita, en quinto termo, calquera sorte de intervención do Estado nunha economía que debe deixarse a mercé, entón, dos seus fluxos presuntamente naturais”.

Pola contra, os partidarios do, como eles o chaman, “liberalismo”, láianse das “terxiversacións e calumnias” –en palabras vertidas no xornal ABC por Esperanza Aguirre, presidenta da comunidade de Madrid membro do PP e antes militante de Unión Liberal– que, ao seu ver, é vítima a súa ideoloxía. Os “inimigos da liberdade”, di Aguirre neste artigo, “lograron ocultar nunha gran mascarada de calumnias e terxiversacións todas as súas culpas e responsabilidades morais polos millóns de vítimas co comunismo” –un dos obxectos favoritos de ataque por parte dos liberais para descualificar os que eles definen como ‘socialistas’, ‘progres’, ou simplemente ‘esquerda’–.

Do mesmo xeito que os críticos do neoliberalismo tenden a pasar por alto as diferenzas entre as distintas correntes do liberalismo –que mesmo chegan a diverxer entre si– os seus apoloxetas empregan a mesma estratexia de descualificación do inimigo con termos abstractos, uniformizadores e cegos ante a diversidade da “esquerda”.

Cando os liberais enuncian os principios da súa ideoloxía, fano, por suposto, nun ton moi diferente do utilizado polos que, como Carlos Taibo, se opoñen a eles. “O liberalismo é”, –asegura Jesús Huerta del Soto nun artigo dispoñible na páxina web liberalismo.org–, “unha corrente de pensamento e de acción política que propugna limitar ao máximo o poder coactivo do Estado sobre os seres humanos e a sociedade civil. Así, forman parte do ideario liberal a defensa da economía de mercado; (...); a liberdade de comercio (librecambismo) e, en xeral, a libre circulación de persoas, bens e capitais; o mantemento dun sistema monetario ríxido que impida a súa manipulación inflacionaria por parte dos gobernantes; o establecemento dun estado de Dereito, no que todos o seres humanos (...) estean sometidos ao mesmo marco mínimo de leis entendidas no seu sentido material (normas xurídicas, basicamente de dereito civil e penal, abstractas, xerais e de igual aplicación a todos); a limitación do poder do Goberno ao mínimo necesario para definir e defender adecuadamente o dereito á vida e á propiedade privada, á posesión pacificamente adquirida, e ao cumprimento das promesas e contratos; a limitación e control do gasto público, o principio do orzamento equilibrado e o mantemento dun nivel reducido de impostos; o establecemento dun sistema estrito de separación entre poderes públicos lexislativo, executivo e xudicial que evite calquera indicio de tiranía: (...); a utilización de procedementos democráticos para elixir os gobernantes (...) e o establecemento, en suma, dunha orde mundial baseado na paz e o libre comercio voluntario, entre todas as nacións da terra”.

Os neoliberais acusan os que os critican de pouco racionais. Os aludidos responden que os neoliberais son en realidade hipócritas que só queren preservar os privilexios dos ricos. Se cadra, o neoliberalismo sexa unha utopía tan inxenua como nefasta nas súas consecuencias prácticas.



¿De onde vén o neoliberalismo? ¿Cal é a súa historia? Como é habitual nas ideoloxías desde o romanticismo, os seus sustentadores procuran as súas raíces canto máis atrás mellor, nun intento de lexitimalas. Os liberais remóntanse a Aristóteles, a filosofía tomista do dereito natural, a Revolución Francesa, a Escola de Salamanca do Século de Ouro español... na busca das orixes do seu pensamento. A súa relación co liberalismo clásico é máis problemática do que nun principio pode parecer. Un liberal convencido como é o economista Murray Rothbard, arremete na súa 'Historia do Pensamento Económico' contra nada menos que Adam Smith polo que considera erros da súa teoría: a teoría do valor-traballo e a división entre traballo produtivo e improdutivo, –despois desenvolvidos por Marx– entre eles, ademais da, na súa opinión, excesiva connivencia de Smith coa intervención gobernamental no mercado –posición smithiana que moitas persoas descoñecen, por certo, ao confundir a Adam Smith cun fundamentalista do *laissez-faire*–.

En efecto, os presupostos dos liberais decimonónicos non sempre son de agrado para os novos liberais. Huerta del Soto protesta no seu artigo pola na súa opinión perniciosa “intoxicación intervencionista” no contido do “liberalismo decimonónico”, encarnado por Adam Smith, Bentham e Stuart Mill. A “confusión”, denuncia del Soto, é “tan grande” que ata Keynes, chega a apropiarse do termo “liberalismo”, obrigando os “verdadeiros liberais” a distinguirse con termos como “libertarians” (que non son os nosos libertarios: quede claro). Non sobra lembrar, aquí, que o Estado de Benestar keynesiano non foi precisamente iminigo do capitalismo. Na actualidade, os liberais recoñecen como os principais expoñentes da súa ideoloxía teóricos da Escola Austríaca como Ludwig von Mises e Friedrich A. Hayek; aos que se unirían pensadores doutras escolas liberais como Nozick ou os economistas Milton Friedman e Paul Samuelson, os filósofos Karl Popper e Raymond Aron, teóricos da Escola da elección pública como Buchanan, xornalistas como Jean Francois Revel... Os liberais non se atopan só nas filas dos partidos da dereita. Tamén influíron en partidos socialdemócratas e mesmo nalgúns sindicatos maioritarios. Contan con apoios entre

intelectuais de prestixio, medios de comunicación, empresas, institucións internacionais... O neoliberalismo orixinouse cara aos anos 30 do século XX –a datación varía segundo as versións–, pero foi nos anos 70 cando comezou o seu auxe a nivel internacional, coincidindo coa crise da teoría Keynesiana: crecente paro, inflación e estancamento da economía... Nos anos 80, Ronald Reagan e Margaret Thatcher comandaron a revolución liberal-conservadora inspirada nos principios neoliberais. ¿Cales foron os resultados? A resposta depende de a quen se lle pregunte. Para os liberais, o auxe económico, a baixada dos impostos, a redución do desemprego... e ata a “rexeneración moral”, para algúns. Para outros, o experimento neoliberal Reagan-Thatcher non foi tal: o sociólogo Vicenç Navarro puxo de manifesto nos seus estudos que o gasto público federal estadounidense aumentou na era Reagan debido á espectacular alza do gasto militar e ao incremento dos impostos do 80% da poboación mentres recortaba o gasto social...

O neoliberalismo tamén se estendeu por América Latina, onde un dos primeiros da clase foi, sen dúbida, Augusto Pinochet, baixo a tutelela dos economistas americanos do grupo dos “Chicago Boys”. Os que salientan os logros económicos de Pinochet esquecen, con frecuencia, parte dos seus métodos: a brutal represión dos movementos sociais e organizacións políticas da esquerda... O debate sobre se os outros gobernos latinoamericanos que abrazaron as recetas neoliberais as levaron á práctica ou non e en que medida se “desviaron” do modelo, segue aberto. Pero o neoliberalismo continuou o seu avance cara ás últimas décadas do século XX, e chegou á primeira do XXI: inspirou a “terapia de choque” de Rusia, con resultados desastrosos como ten denunciado o Nobel de Economía Joseph Stiglitz, chegou ata o goberno de Bush, deixou a súa pegada no relativo repregamento dos estados de benestar europeos...

Cando a teoría choca coa realidade, e os resultados non son os agardados, os liberais adoitan argumentar que se perverteron os seus principios –por culpa, segundo eles, do Estado e dos grupos de interese que nel influen, normalmente–. De novo, a utopía deféndese a si mesma negando o que lle convén. Como noutrora certos socialismos?



A contraposición do neoliberalismo co altermundismo non deixa de ser un exercicio recomendable para calquera persoa interesada na historia do pensamento. O xornalista e director de 'Le Monde Diplomatique', Ignacio Ramonet, salientou hai pouco nun artigo a crise financeira, enerxética e alimentaria como o "saldo deplorable que deixa un cuarto de século de neoliberalismo". No Estado español, os xornalistas liberais exprésanse en publicacións como 'La Ilustración Liberal', 'Libertad Digital' ou 'El Mundo', na cadea Cope... Jiménez Losantos dicía nunha entrevista recollida en liberalismo.org que "se a persoa é sagrada e a propiedade é sagrada, vas tirando de aí e, ao final, sáche o Estado de Dereito". Jean-François Revel escribiu 'A gran mascarada', unha análise de como, segundo el, os "comunistas" inventan argucias para exculpar a súa ideoloxía dos crimes soviéticos –do mesmo xeito que os liberais exculpan ao capitalismo neoliberal dos seus crimes, derivados, por exemplo, do apoio de réximes ditatoriais represivos nos países árabes ou en América Latina, como documentou amplamente o lingüísta Noam Chomsky, a quen os liberais cualifican de manipulador–.

Os liberais tamén contan cos seus partidarios e detractores entre os escritores. Mario Vargas Llosa destaca entre os liberais de dereita máis célebres, –recentemente manifestou o seu apoio ao partido español Unión, Progreso y Democracia–, mentres que Eduardo Galeano alza a súa voz, desde o movemento altermundista, contra o "sistema organizado que fai que para boa parte dos habitantes do mundo o planeta sexa un inferno".

O debate liberais-altermundistas tamén está moi presente na socioloxía e na filosofía. Pierre Bourdieu denunciou nun artigo en 'Le Monde Diplomatique' o neoliberalismo como "pura ficción matemática baseada, desde a súa primeira orixe, nunha formidable abstracción, que, en nome dunha concepción tan estreita da racionalidade individual, consiste en poñer entre parénteses as condicións económicas e sociais que son a condición do seu exercicio". Nun texto recollido na web Rebellion.org, Samir Amin salienta que "non estamos en presenza dunha economía de mercado, como se adoita dicir, senón dun capitalismo de oligopolios financiarizados" e que "detrás da crise financeira" se agocha "a crise sistémica do avellentado capitalismo". "A poboación dos países opulentos –o 15% da poboación do planeta– acapara para o seu propio consumo e desbaldimento o 85 % dos recursos do globo", engade. Amin cre que a mundialización capitalista foi sempre

produciu e reproduciu o afondamento da polarización mundial entre un centro dominante e a periferia dominada. Susan George considera que o neoliberalismo crea enormes desigualdades, privilexiando a uns poucos e prexudicando a moitos... Pola contra, os liberais reivindicán como seus a sociólogos como Raymond Aron –un pensador que, igual que neomarxistas como Samir Amin, criticou a deriva totalitaria do socialismo soviético–.

É bastante común que tanto liberais como socialistas se declaren herdeiros dos mesmos autores da tradición fisosófica occidental –Aristóteles, Locke...–. Pois a defensa da liberdade non é patrimonio dos liberais, aínda que eles queiran convencer a cidadanía do contrario. Tamén é frecuente que pensadores que algúns liberais rexeitan pola súa suposta simpatía co intervencionismo do Estado, outros os consideren parte da nómina de referencias intelectuais do liberalismo, mentres outros os acusan de "neoliberais". É o caso, por exemplo, de John Rawls: deostado por uns pola súa ética utilitaria

e individualista, e por outros pola súa suposta connivencia co estado de benestar e coa porta aberta aos "atropelos contra a propiedade privada" e a "liberdade" individual que pode deixar a súa teoría da xustiza.

Pero as discusións máis interesantes atópanse, se cadra, no ámbito da economía. Un dos pais do neoliberalismo, Ludwig von Mises, asegurou que o socialismo acaba non só co "incentivo" da perda e da ganancia e a libre competencia, senón que a planificación económica nun sentido socialista –que asocia á centralización da toma de decisións en mans dun órgano central ou un ditador supremo– xera o caos, a escasez

e a restrición das liberdades. Segundo Mises, só o sistema de prezos serve para coordinar e harmonizar as decisións e desexos de miles de axentes individuais: empresarios, traballadores, consumidores... e na libre competencia do mercado todos saen gañando, tamén os menos favorecidos "naturalmente", que só teñen que dedicarse a aquilo para o que están dotados sen temer a competencia dos mellores, que acabarán colocándose nas actividades nas que gozan de vantaxes comparativas. Arremeteu contra a lexislación laboral por ser, segundo os seus cálculos, xeradora de desemprego e dunha rebaixa xeral do nivel de vida. Avogou polo laissez-faire como fórmula para acadar a paz mundial e atribuíu as depresións ás políticas de expansión crediticia patrocinadas polos Estados para rebaixar os tipos de interese.



Friedrich A. Hayek afondou en moitas das ideas de Mises. Explicou a orixe das crises económicas a partir do crédito concedido polo banco central a tipos de interese artificialmente baixos que fomentan investimentos irresponsables por parte dos empresarios. Entendeu a planificación central da economía como un mecanismo xerador de ineficiencia e arbitrariedade por parte do Estado, –ante a imposibilidade da información perfecta sobre as demandas e necesidades da poboación...– e de réximes políticos totalitarios. Mesmo argumentou que o nazismo xurdira nun sistema socialista con moitas confluencias co da Unión Soviética. Segundo Hayek, o Estado de Benestar deulle acubillo a unha sobrecarga de expectativas por parte dos cidadáns, e sobre todo dos sindicatos. Este autor propuxo unha democracia baseada no respecto á liberdade económica cun sistema bicameral con membros escollidos por criterios meritocráticos e con plena autonomía respecto dos partidos políticos. Milton Friedman pediu, pola súa banda, menos Estado e unha economía na que a asistencia estatal e a fiscalidade non favorezan unha oferta demasiado escasa do traballo e do capital, e avogou pola liberdade de elección dos pais da escola na que educar os seus fillos.

Os liberais de hoxe rexeitan tanto a esquerda como a dereita “estatista”. Diversos autores remarcaron como os liberais non rexeitan, en realidade, toda a intervención estatal, senón que acollen cos brazos abertos aquela que beneficia certas capas da sociedade. Os liberais, pola contra, negan que as súas teorías sexan un modo encuberto de preservar os intereses dos empresarios e as familias ricas: argumentan que non son partidarios de que o Estado protexa ningún empresario da competencia, por exemplo. Aínda que o discurso dos empresarios, –o presidente da Confederación de Empresarios galega, Antonio Fontenla, reclamaba hai pouco unha rebaixa do imposto de sociedades, unha contratación máis “flexible”, un aprazamento das cotas da seguridade social, e sobre todo, unha rebaixa do gasto público–, é moitas veces moi coincidente co liberal. Ademais, non lle fan ascos ás subvencións do Estado, ao rescate por parte do Estado dos bancos en tempos de crise... Os liberais acentúan un discurso moral que condena o gasto social como unha desviación nunha sociedade na que persoas e familias non deberían depender da solidariedade colectiva senón de si mesmas.

Tenden a interpretar a sociedade como unha masa de individuos libres que toman decisións racionais, sen ter en conta as clases sociais, as diferenzas por cuestións de xénero, etnia... que, segundo eles, nun mercado libre non terían consecuencias discriminatorias para ninguén. Se hai perdedores e gañadores no xogo da libre competencia, din, débese ás desigualdades naturais de talento, ao esforzo de cada quen... Para a loita contra a pobreza, recomendan liberalizar os mercados e suprimir os aranceis e subvencións aos produtores dos países ricos, e negan que a pobreza mundial aumentase en termos absolutos nos últimos 50 anos. Algúns critican aos que, como Stiglitz, identifican o liberalismo con institucións internacionais como o FMI, xa que moitos liberais se posicionan contra a mesma existencia destas “grandes burocracias”, así como dos bancos centrais; e achacan a pervivencia de monopolios e oligopolios á intervención do Estado.

Joseph Stiglitz explicou, pola contra, como a asunción das receitas neoliberais levou ao caos e á corrupción sistemática a antiga Unión Soviética, mentres que outros países que, como no leste asiático, emprenderon unha liberalización da súa economía progresiva e sen abandonar a intervención social estatal, conseguiron uns mellores resultados. O ‘Consenso de Wáshington’, asevera Stiglitz, impuxo medidas liberais que non resultan adecuadas para nacións subdesenvolvidas nos primeiros estadios de desenvolvemento ou nas primeiras fases da transición. As críticas deste pensador ás burocracias do FMI afastadas da realidade cadran coas mantidas por algúns liberais.

James Petras estudou como o neoliberalismo en América Latina non diminuíu a intervención estatal, senón que a canalizou cara á socialización das perdas dos bancos, a destrución dos sindicatos, o subsidio aos exportadores, a apertura dos mercados ás multinacionais, á entrega dos monopolios públicos ao capital privado e ao apoio do ascenso dunha nova clase de capitalistas transnacionais latinoamericanos. John Kenneth Galbraith ten deostado duramente o darwinismo social no que se apoia o neoliberalismo, a xustificación da desigualdade social e a inseguridade como san incentivo para o esforzo e a produtividade do traballador, o esquecemento liberal da creación artificial de necesidades polo mercado na súa teoría do valor... George Lakoff sinalou o escepticismo dos liberais respecto da especie humana: ideas como o que as axudas estatais envían e perpetúan a dependencia...





18 DECEMBRO DO 2008 - NÚMERO 750

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Alfredo Cunha


“Difícilmente se coñecerá Portugal se non coñecemos a obra de Alfredo Cunha”. Esta reflexión de Xurxo Lobato ben pode servir para condensar nunhas poucas palabras a cerna da obra do fotoxornalista da Revolución dos caraveis, o proceso descolonizador, a vida cotiá dos portugueses... Aínda quedan uns días –ata a fin de ano– para o peche da mostra de imaxes deste artista que acolle en Compostela o centro sociocultural da Caixa Galicia baixo o nome ‘Catro tempos 1970-2008. Fotografías de Alfredo Cunha’. A exposición, composta por 99 fotos tomadas entre 1970 e 2008, é testemuña de como a cámara pode servir á loita, desde o compromiso, pola liberdade e contra a desigualdade e a inxustiza social. Cunha naceu no ano 1953 en Celorico de Beira. No 1970 iniciou a súa andaina como fotógrafo profesional,

Alfredo Cunha


O cronista de Portugal

e no 1972 traballaba xa no xornal ‘O século’. Dous anos máis tarde realizou a súa primeira gran reportaxe sobre a revolución do 25 de abril, e no 1975 viaxou a África para retratar a descolonización... No 1985 foi designado fotógrafo oficial do entón presidente da República, Mario Soares. Só catro anos despois ingresou no cadro de persoal do xornal ‘Público’. No 2003 faise editor fotográfico do ‘Jornal de Notícias’. A súa relación con Galiza comezou xa antes do ano 2008. No 2001 participou nunha mostra de fotografía portuguesa organizada no noso país, e no 2002 foi parte da Exposición Colectiva de Fotografía Portuguesa. Alfredo Cunha defínese como unha persoa de esquerdas, e lembra o importante que é “ter referencias” e “unha posición política”. O suplemento Revista das Letras recolle algunhas das fotografías que se poden ver estes días no centro sociocultural de Caixa Galicia.





De arriba abaixo e de esquerda a dereita: *Lisboa, 1988; Lisboa, 1975; Trás-os-Montes, 1975 e Vila Verde, 2001.*



As fotos desta páxina son da Revolución dos Caraveis: Lisboa, 25 de abril do 1974



De arriba abaixo: *Mozambique, 1993; Iraq, 2003 e Rumanía, 1990.*



De arriba abaixo e de
esquerda a dereita:
*Douro, 1997; Porto, 1997;
Amadora, 1976 e Viana do
Castelo, 2007.*

